

**CONVENIO DE PATROCINIO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E A ENTIDADE CLUB VALDETIRES, PARA A TEMPADA 2021/2022 – 1ª FASE (SEN LIÑA ESPECÍFICA DE PATROCINIO DE ABANCA)**

---

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2021

**REUNIDOS**

Dunha parte a FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, con N.I.F. G15769383, representada neste acto pola persoa do Presidente do seu Padroado, en calidade de Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Don José Ramón Lete Lasa, en virtude das facultades que ten conferidas. En diante Fundación.

Doutra parte a Entidade CLUB VALDETIRES, con N.I.F. G15232440, representada por Don/Dona Rodrigo Torres Leira, con N.I.F. 32681711E, en virtude das facultades que lle son conferidas polos poderes presentados perante a Fundación. En diante, a Entidade.

**EXPOÑEN**

- I. Que a Fundación, entidade fundacional do sector público de Galicia, ten por finalidade a promoción do deporte na Comunidade Autónoma galega, en cuxa consecución está capacitada para a realización de distintas actuacións, en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.
- II. Que a Fundación Deporte Galego, ten aprobado o Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia. Tempada 2021/2022 - 1ª Fase, cuxo obxecto principal é a promoción e incentivo do deporte e da práctica deportiva en Galicia, tendo por destinatarias as entidades con equipos nas máximas categorías estatais absolutas. En diante, o Plan.
- III. Que a Entidade conta cun equipo participante nunha das competicións incluídas no ámbito obxectivo do Plan. En diante, o Equipo.
- IV. Que no ámbito do acordo de colaboración para a promoción de actividades deportivas entre a Axencia Turismo de Galicia e a Secretaría Xeral para o Deporte, establécese como obxectivo a promoción de actuacións conxuntas que redunden na promoción nacional e internacional de Galicia e do Ano Santo Xacobeo 2021-2022, a través do deporte. Dita colaboración concrétase a través



deste Plan entre outras actuacións, para a promoción da marca Xacobeo Galicia 2021-2022.

- V. Que a Fundación e a entidade financeira ABANCA formalizaron un contrato de patrocinio, que ten por obxecto o patrocinio publicitario por ABANCA do Plan.
- VI. Este patrocinio supón a consideración de ABANCA e da AXENCIA TURISMO DE GALICIA-XACOBEO como patrocinadores oficiais do plan, incorporándose o seu distintivo corporativo ás actuacións de comunicación do mesmo que desenvolva a Fundación, sen prexuízo das restantes prestacións contempladas no presente Plan a favor de ABANCA e da AXENCIA TURISMO DE GALICIA-XACOBEO.
- VII. Que o Plan conta con dúas liñas específicas de patrocinio:
  - a. Patrocinio con cargo á liña específica XUNTA DE GALICIA, DEPORTE GALEGO, AXENCIA TURISMO DE GALICIA-XACOBEO.
  - b. Patrocinio con cargo á liña específica ABANCA.
- VIII. Que a Entidade, na solicitude presentada, declara o desexo de NON acceder á segunda liña específica ABANCA.
- IX. Que logo da correspondente tramitación do expediente, a Entidade ven de resultar adxudicataria no procedemento establecido para a formalización coa Fundación, dun convenio de patrocinio con motivo do Plan e para o apartado a. sinalado anteriormente.
- X. Que conforme a todo o referenciado, as Partes, recoñecéndose plena capacidade, conveñen en subscribir o presente convenio de patrocinio.

## ESTIPULACIÓNS

### Primeira.- Obxecto

É obxecto do presente convenio establecer as relacións entre as Partes en orde a dispoñer a actividade de patrocinio por parte da Entidade á Fundación Deporte Galego de acordo co Plan para a Tempada 2021-2022.

Este patrocinio será desenvolvido conforme á solicitude presentada pola Entidade para o primeiro apartado do patrocinio, así como de conformidade co establecido no Plan.

### Segunda.- Obrigas das partes

A Entidade ven obrigada a desenvolver as actuacións e obrigas recollidas na solicitude presentada á Fundación, para a primeira liña de patrocinio (XUNTA DE GALICIA, DEPORTE GALEGO, AXENCIA TURISMO DE GALICIA-XACOBEO), así como as



establecidas no Plan aprobado a estes efectos, sendo todos estes documentos obrigatorios para as partes.

A entidade comprométese a comunicar no prazo máximo de 5 días desde a obtención do resultado, os resultados máis importantes en competicións nacionais e internacionais a [fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal](mailto:fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal).

Asemade, a entidade comunicará con unha semana de antelación, a [fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal](mailto:fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal) a celebración de competicións, eventos de relevancia, ou actos públicos e de comunicación relativos ao equipo patrocinado.

A Fundación Deporte Galego e os equipos, e particularmente os seus adestradores e xogadores, colaborarán nas actividades organizadas no marco do Plan. A Fundación comunicará aos equipos cunha antelación mínima de 15 días, as actividades do Plan nas que deban participar os adestradores e xogadores, quenes deberán asistir salvo xustificación admitida pola FDG.

A Fundación, pola súa parte, comprométese a patrocinar ao equipo coa cantidade indicada na cláusula seguinte.

### **Terceira.- Pagamento e partida orzamentaria**

O importe do presente convenio ascende a 7.163,85€, máis o 21% de I.V.E. (1.504,41€). Total: 8.668,26€, I.V.E. incluído.

Este importe será abonado pola Fundación, dende a data da sinatura do convenio, en tres prazos:

- a) O 9,73% do importe total, en 2021, unha vez recibida a correspondente declaración responsable e xustificación gráfica de ter difundida a imaxe do plan a través da web e/ou redes sociais da entidade (Anexo II) e presentada, a través do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia [https://factura.conselleriadeconomia.es/eFactura\\_web/](https://factura.conselleriadeconomia.es/eFactura_web/), a correspondente factura emitida pola Entidade de conformidade coa Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar "Primeiro pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade CLUB VALDETIREES ao abeiro do Plan de Patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia para a tempada 2021-2022 (9,73%)".
- b) O 70,27% do importe total, a partir do 15 de xaneiro de 2022, unha vez recibida a correspondente declaración responsable e xustificación gráfica de ter utilizados os soportes publicitarios esixidos desde a data de sinatura do convenio (Anexo III) e presentada, a través do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia



[https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura\\_web/](https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/), a correspondente factura emitida pola Entidade de conformidade coa Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar “Segundo pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade CLUB VALDETIRES ao abeiro do Plan de Patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia para a tempada 2021-2022 (70,27%)”.

- c) O 20% restante aboarase a partir do 30 de xuño de 2022, unha vez rematadas todas as actividades e competicións do exercicio en curso (ata 30 de maio) e unha vez presentada, a través do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia [https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura\\_web/](https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/), a correspondente factura emitida pola Entidade con data obrigada de 30 de xuño do 2022, acompañada da correspondente declaración responsable e xustificación gráfica de ter utilizados os soportes publicitarios esixidos desde a data de sinatura do convenio (Anexo IV) e da memoria que comprenda o conxunto das actividades obxecto de patrocinio realizadas pola Entidade (Anexo V). Asemade, deberá acompañar declaración responsable das axudas solicitadas ás distintas administracións públicas competentes ou a entidades privadas, con indicación das concedidas ou pendentes de resolución, e de que os ingresos obtidos con motivo da actividade patrocinada non xeraron superávit ou, en caso contrario, informado de cal é ese excedente ao fin de proceder á redución do importe final a pagar na contía que exceda o equilibrio entre ingresos e gastos da actividade patrocinada (Anexo VI). Finalmente, será necesario tamén a correspondente conformidade da Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar “Terceiro pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade CLUB VALDETIRES ao abeiro do Plan de Patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia para a tempada 2021-2022 (20%)”.

A data límite para presentar toda a documentación relativa aos dous prazos de xustificación e pagamento será o 15 de xullo do 2022. En caso de non ter presentada a documentación nesta data, perderán o dereito ao cobro das cantidades pendentes.

Para o exercicio 2021, os convenios serán financiados con cargo á partida orzamentaria (5. Outros gastos), na que se garante que existen fondos axeitados e suficientes. Para o exercicio 2022 os convenios estarán sometidos á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria correspondente.

#### **Cuarta.- Vixencia**

O prazo de vixencia estenderase entre a data de sinatura do convenio e o 30 de xuño de 2022.



A Entidade deberá acreditar o cumprimento das obrigas asumidas en virtude do convenio, momento a partir do cal quedará resolto de pleno dereito sen necesidade de comunicación previa entre as partes.

#### **Quinta.- Exención de responsabilidade**

A Fundación quedará exonerada de calquera tipo de responsabilidade fronte a terceiros por danos de calquera índole que puideran ser causadas por calquera elemento, activo ou soporte publicitario, que conteña os seus logotipos ou marcas.

Asemade, a Fundación non será responsable, principal nin subsidiaria, respecto de obrigas ou sancións de calquera índole que puideran ser impostas á Entidade ou ao Equipo, comprometéndose a Entidade a manter indemne á Fundación mediante o pago das mesmas.

#### **Sexta.- Incumprimentos, penalizacións, modificación e rescisión do convenio**

Estarase ao disposto no Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia. Tempada 2021/2022 – 1ª Fase.

A Fundación e a Entidade poderán crear unha comisión de seguimento do convenio co fin de realizar a coordinación e o seguimento das actividades conxuntas programadas, así como co fin de velar polo cumprimento do presente convenio.

#### **Sétima.- Transparencia e bo goberno**

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a Fundación Deporte Galego publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe dos patrocinios concedidos. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen imponse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Tamén remitirá para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, dentro dos primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio ou setembro do ano, en función de cando se formalicen os convenios de patrocinio, unha relación dos que se subscriban referida ao cuadrimestre anterior. Nesta relación sinalarese con claridade o importe dos mesmos, o obxecto do convenio e a persoa ou entidade destinataria.

Así mesmo, a Fundación remitirá copia dos convenios formalizados ao rexistro público de convenios da Xunta de Galicia, segundo o establecido na normativa reguladora deste.



**Oitava.- Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio.**

Os asinantes do convenio, manifestan seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

**Novena.- Réxime Xurídico**

O contido e efectos do presente convenio quedarán suxeitos ás normas do Dereito común.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da súa interpretación, modificación, resolución e efectos que non podan ser resoltas no seo da Comisión de seguimento e interpretación, serán sometidas ao coñecemento da Xurisdición Civil, renunciando as partes a calquera outro foro que puidera corresponderlles.

Dando mostra de conformidade con todo o sinalado neste documento, asinan as partes o mesmo e a un só efecto, no lugar e data sinalados no encabezado.

Pola Fundación Deporte Galego

Pola Entidade

Asdo.: José Ramón Lete Lasa

Asdo.: Rodrigo Torres Leira

